

**CERTIFICADO**

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/14	O Pleno

Mateo Crespo González, en calidade de secretaria deste órgano,

CERTIFICO:

Que, na sesión ordinaria desenvolvida o 26/10/2023 aprobouse, pola maioría legalmente establecida, sendo once (11) votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 do grupo mixto AER e 3 do BNG) e nove (9) abstencións do PP o seguinte acordo:

4. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE REDONDELA

PROPOSTA DA PRESIDENTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

Mediante resolución da Alcaldía núm. 2402/2023 de data 17.10.2023 iniciouse o expediente para a contratación do Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela, por un período inicial de dous (2) anos, prorrogable por outro período dun (1) ano, cun valor estimado do contrato de 4.832.524,62 euros, sen IVE, calculado para todo o prazo de duración do mesmo, incluída a posible prórroga, e cun orzamento máximo de licitación para os dous anos iniciais do contrato de 2.928.802,80 euros, máis o IVE do 4% para SAF-Dependencia e do 10% para SAF-Libre Concorrenza, por importe de 119.611,98 euros, o que fai un total de 3.048.414,78 euros, e cun prezo/hora máximo de 22,33 euros, sen IVE, por ser o procedemento ordinario no que calquera persoa física ou xurídica que reúna capacidade pode presentar a súa oferta e no que a adxudicación recaerá na mellor oferta en relación calidade-prezo.

Redactados os pregos de cláusulas administrativas particulares en galego e castelán, de data 18.10.2023, e os de prescricións técnicas en galego e castelán, asinados polo secretario xeral do Concello e pola concelleira de Servizos Sociais con data 17 de outubro de 2023, e emitida pola Intervención municipal, con data 13.10.2023, certificación que acredita a existencia de crédito definitivo correspondente á anualidade 2023 na aplicación 2331A/2279909 do estado de gastos do orzamento do Concello de Redondela vixente.



Visto o informe emitido polo secretario xeral do Concello co núm. 141/2023 de data 18.10.2023 (CV 4C39Q5GN9Z2242752GK4ZCYJT).

Lido o informe emitido pola interventora municipal núm. 265/2023, de data 18 de outubro de 2023 e CV 6LKR5JSPN5DGYSLHQ36S5EYA6.

Xa que logo, **PROPOÑO** ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes acordos:

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares en galego (CV AGYL329ZHRYD9CNMNGDXWZMRL) e **en castelán** (CV HM2CHXZ9PQWLLZDSK4D6SNTZ9), ambos os dous de data 18.10.2023, e os de **prescricións técnicas particulares en galego** (CV 3X5EP6QJEJH3DS3G24M52F9SH) e **en castelán** (CV 3WMRJ5AQY3P324KW4EDEM224W), asinados polo secretario xeral do Concello e pola concelleira de Servizos Sociais con data 17.10.2023

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e aprobar o gasto correspondente á anualidade 2023 con cargo ao crédito existente na aplicación **2331A/2279909** do estado de gastos do orzamento para ao ano 2023, co compromiso de consignar crédito definitivo para cada exercicio na aplicación que corresponda do estado de gastos dos orzamentos aos que se estenda o período contractual.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, polo trámite ordinario e **procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada**, previsto na Sección II do Capítulo I, Título I, Libro II, artigos 135 e seguintes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), para a contratación do **Servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela**, por un período inicial de **dous (2) anos**, prorrogable por outro período dun **(1) ano**, cun valor estimado do





CONCELLO DE REDONDELA

contrato de 4.832.524,62 euros, sen IVE, calculado para todo o prazo de duración do mesmo, incluída a posible prórroga, e cun **orçamento máximo de licitación para os dous anos iniciais do contrato de 2.928.802,80 euros, máis o IVE do 4% para SAF-Dependencia e do 10% para SAF- Libre Concorrenzia**, por importe de **119.611,98 euros**, o que fai un **total de 3.048.414,78 euros**, e cun **prezo/hora máximo de 22,33 euros, sen IVE**.

Cuarto.- Segundo se dispón no artigo 135 da LCSP, **insertar anuncio e pregos no Diario da Unión Europea (DOUE) e no perfil do contratante** do Concello de Redondela, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, establecendo para presentar proposicións un **prazo de trinta e cinco (35) días naturais** contados dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, expido o presente certificado de orde e co visto e praxe da sra. Alcadesa, coa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Documento datado e asinado electrónicamente na marxe

